

O Pleno do Concello aprobou definitivamente, na sesión con data do 30 de novembro de 1995, a ordenanza reguladora do servizo de auto-taxi. Publícase integramente o seu texto en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei 7/1985.

O Barco de Valdeorras, 5 de decembro de 1995.
O alcalde.

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AUTO-TAXI

Artigo 1.- Ao abeiro do establecido no Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos e Interurbanos de Transporte en Automóbiles Lixeiros, aprobado polo Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo, dítase a presente ordenanza, co obxecto de regular o servizo público de autoturismos no concello do Barco.

Artigo 2.- Naquelas materias non reguladas pola presente ordenanza aplicarase subsidiariamente a Regulamentación Nacional dos Servizos Urbanos e Interurbanos de Transportes en Automóbiles Lixeiros, do 16 de marzo de 1979, Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro, e as demais disposicións de aplicación xeral.

II DAS LICENZAS

Artigo 3.- Será requisito previo para a prestación do servizo obxecto da presente ordenanza estar en posesión da correspondente licenza, logo de facer o pagamento das exaccións establecidas na ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 4.- O número de licenzas virá determinado pola necesidade e mais a conveniencia do servizo para prestar ao público, na forma e nas condicións previstas no artigo 11 do Regulamento nacional.

Artigo 5.- As licenzas outorgaranse en favor de condutores asalariados de autoturismos que presten o seu servizo no Barco de Valdeorras, con plena e exclusiva dedicación na profesión, por rigorosa e continuada antigüidade, acreditando ambos os dous requisitos mediante o permiso municipal de conducir e as súas cotizacións á seguridade social.

Aquelas licenzas que non se adxudicaren consonte o apartado anterior outorgaráselles ás persoas naturais ou xurídicas que a obteñan mediante concurso libre.

Artigo 6.- As licenzas só serán transmisíbeis nos supostos seguintes:

- a) No caso de falecemento do titular, en favor do seu cónxuxe viúvo e os herdeiros forzosos.
- b) Cando o cónxuxe viúvo ou os herdeiros forzosos non puideren conducir o vehículo adscrito á licenza como actividade única e exclusiva.
- c) Cando o titular da licenza perciba unha pensión por xubilación, ou sen percibila cumprise 70 anos.
- d) Cando ao titular da licenza lle sexa declarada unha incapacidade laboral polo organismo competente.

- e) Cando o titular da licenza, condutor do seu propio vehículo, perdese por calquera causa, con carácter definitivo, o permiso de conducir, agás que a causa disto comporte a declaración de caducidade da licenza.
- f) Cando a titularidade da licenza se ostentase durante cinco anos como mínimo.

As transmisións a que se refiren os apartados b) a f), ambos os dous incluídos, realízanse en favor de condutores provistos do correspondente permiso municipal.

Nas transmisións a que se refire o apartado f), o adquirente deberá acreditar que posúe unha antigüidade no exercicio profesional, con dedicación exclusiva, de cando menos un ano, tanto no permiso municipal de conducir como nas cotizacións á Seguridade Social.

O transmitente non poderá adquirir ou obter unha nova licenza no prazo de 10 anos.

Artigo 7.- O titular ou titulares da licenza non poderán en ningún caso, agás no previsto no artigo anterior, ceder, arrendar ou traspasar a explotación da licenza e o vehículo adscrito a ela.

Artigo 8.- Os titulares das licenzas poderán renunciar a elas, mais, en todo caso, para que a devandita renuncia produza efecto deberá ser expresamente aceptada e comunicada polo Concello do Barco de Valdeorras.

Artigo 9.- A administración municipal levará o rexistro e o control das licenzas concedidas, onde se irán anotando as incidencias relativas aos seus titulares e os vehículos adscritos a estes.

Os propietarios de licenzas deberán comunicarlle á devandita autoridade cantos cambios se produzan respecto ao seu domicilio, dentro dos 15 días seguintes a partir da data en que se producisen.

III DAS TARIFAS

Artigo 10.- A explotación do servizo de autotaxis estará suxeita a tarifa, que será obrigatoria para os titulares da licenza, os seus condutores e os usuarios, en conformidade co establecido no artigo 22 do Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo.

IV DOS VEHÍCULOS

Artigo 11.- Os vehículos destinados á prestación do servizo obxecto da presente ordenanza deberán reunir as seguintes características:

capacidade para cinco viaxeiros como mínimo e sete como máximo.
catro portas.

Artigo 12.- Os autotaxis deberán reunir as seguintes condicións:

- a) As portas deberán estar dotadas dun mecanismo conveniente para accionar os seus vidros á vontade do usuario.
- b) Os asentos, tanto do condutor como dos usuarios, así como os respaldos, terán a flexibilidade suficiente.
- c) O interior estará revestido dun material que poida limparse doadamente para a súa conservación en estado de pulcritude.
- d) O piso irá recuberto de goma ou doutro material impermeábel doado de limpar.
- e) Os vehículos deberán ir provistos dun extintor de incendios.

Artigo 13.- Os vehículos levarán pintado nas portas dianteiras o escudo do Barco de Valdeorras e como único distintivo exterior mostrarán as placas regulamentarias coas iniciais SP.

Para a súa identificación deberán levar na parte superior dianteira central do teito da carrozaría un letreiro luminoso coa palabra taxi, que será visíbel dende a parte frontal e traseira do vehículo ou un distintivo interior doadamente visíbel.

No interior, e nun sitio visíbel para os usuarios, levarán unha placa en que figure o número da matrícula e da licenza municipal.

Así mesmo, e nun lugar visíbel do interior, levarán un exemplar das tarifas vixentes.

Artigo 14.- A instalación de publicidade nos vehículos requirirá a autorización municipal previa.

Artigo 15.- Os titulares de licenzas poderán substituír, logo da autorización municipal, o vehículo adscrito a elas por outro máis moderno ou de mellores condicións, e despois do pagamento das taxas previstas na ordenanza municipal vixente.

Artigo 16.- O concello poderá requirir os titulares de licenzas para verificar o cumprimento dos requisitos establecidos anteriormente e que se encontran ao día do pagamento das taxas ou de calquera outra exacción municipal relativa ao vehículo, así como que ten cubertos, mediante pólizas de seguros, os riscos determinados pola lexislación vixente.

Artigo 17.- O titular deberá manter o vehículo en perfecto estado de conservación e limpeza, de tal xeito que en todo momento cumpra os requisitos establecidos nesta ordenanza, así como nas normas, bandos ou instrucións que se diten.

V DOS CONDUTORES

Artigo 18.- Para poder conducir os vehículos adscritos ao servizo regulado por esta ordenanza será obrigatorio estar en posesión do permiso municipal correspondente.

Artigo 19.- Para obter o permiso a que se refire o artigo anterior cumprirá:

1. solicitalo mediante unha instancia dirixida ao Sr. alcalde.
2. acreditar as seguintes condicións:
 - a) Boa conduta, mediante unha certificación expedida pola autoridade municipal.
 - b) Non cometer delito ningún durante os dous anos inmediatamente anteriores á data de solicitude do permiso municipal de conducir, acreditado mediante unha certificación expedida polo Ministerio de Xustiza.
 - c) Non padecer unha doenza infectocontaxiosa ou un impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión, que se acreditará mediante un certificado expedido polo Colexio Oficial de Médicos.
 - d) Estar en posesión do carné de conducir esixido no artigo 39-1º do Regulamento nacional.

Artigo 20.- O permiso municipal terá unha validez de 5 anos, ao termo dos cales deberá ser renovado a pedimento dos seus titulares.

A renovación faráselles automaticamente a todos aqueles que acrediten, mediante o permiso municipal de conducir e a certificación das súas cotizacións á Seguridade Social ou á

Mutualidade Laboral de Traballadores Autónomos, que desempeñaron a súa profesión por un prazo mínimo dun ano.

Artigo 21.- A administración municipal levará o rexistro e control dos permisos municipais de conducir concedidos, onde se irán anotando as incidencias relativas aos seus titulares. Con tal fin os propietarios das licenzas estarán obrigados a comunicar as baixas de condutores que se produzan nun prazo non superior a oito días.

VI DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 22.- Independentemente das condicións laborais reguladas pola lexislación pertinente, os condutores de vehículos comprendidos nesta ordenanza están obrigados a cumpriren escrupulosamente as súas disposicións e o previsto no resto da normativa aplicábel.

Artigo 23.- Os vehículos deberán prestar o servizo ao público de xeito continuo, sen prexuízo das quendas de descanso establecidas.

Poderá interromperse a prestación do servizo por unha causa grave, debidamente xustificada por escrito ante o concello, durante un prazo que non exceda de trinta días consecutivos ou sesenta alternos, por un período dun ano.

Non se considerará interrupción o período de vacacións, cuxa duración non será superior a trinta días ao ano.

Artigo 24.- O alcalde-presidente, logo de escoitar os representantes do sector, poderá establecer as medidas de organización e control que estimar necesarias para o perfeccionamento do servizo e, atendendo as necesidades públicas, determinará o horario mínimo de servizos para prestar, e regulará os días de descanso e os períodos de vacación estival, de xeito que fica garantida dabondo a continuidade do servizo.

Artigo 25.- Para asegurar o servizo na estación ferroviaria, na estación de autobuses, na residencia sanitaria da Seguridade Social ou noutros lugares especiais, a autoridade municipal poderá sinalar os servizos mínimos obrigatorios que prestará cada vehículo, comprobando a efectividade de tal obriga mediante os volantes que para o efecto lles entreguen ou visen aos condutores os axentes da Policía Local.

Artigo 26.- O Sr. alcalde-presidente fixará as localizacións de vehículos autotaxi coa indicación do número de vehículos que deban estacionarse en cada unha delas.

Artigo 27.- Os condutores que foren requiridos para prestar un servizo estando libre o vehículo non se poderán negar a facelo sen unha causa xustificada.

Artigo 28.- Durante a prestación do servizo os condutores deberán ir provistos dos seguintes documentos:

A) Referentes ao vehículo:

1. Licenza.
2. Permiso de circulación do vehículo.
3. Pólizas do seguro en vigor.

B) Referentes ao condutor:

1. Carné de conducir da clase esixida polo Código da Circulación.

2. Permiso municipal de conducir, en que necesariamente deberá figurar autorizado para conducir o vehículo que leve.

C) Referentes ao Servizo:

1. Libro de reclamacións.
2. Un exemplar da presente ordenanza.
3. Talonarios de recibos de cantidades percibidas en concepto dos servizos prestados.
4. Un exemplar da tarifa vixente.
5. Un exemplar do regulamento nacional do 16 de marzo de 1979.

Artigo 29.- Os condutores deberán coidar a súa indumentaria e mais o aseo persoal e deberán gardar, na súa relación co público, a máxima compostura, corrección, educación e cortesía.

Axudarán a subir e baixar do vehículo as persoas que polo seu estado físico o precisaren, e a colocar os vultos que puidesen portar os usuarios.

Artigo 30.- Os condutores deberán revisar o interior do vehículo cada vez que se desocupe, co fin de comprobar se algún obxecto do usuario quedase nel, e entregárallo ao ocupante. De non poder entregalo no momento terá que depositalo nas dependencias da Policía Local, dentro das vinte e catro horas seguintes ao achado.

PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 31.- Para os efectos desta ordenanza considerarase falta toda infracción das obrigas recollidas nela ou nas instrucións que se diten en relación co servizo.

As faltas cometidas polos titulares das licenzas e condutores poderán ser:

- Leves
- Graves
- Moi graves

Artigo 32.- Serán faltas imputábeis aos condutores:

I LEVES

- a) Non levar a documentación persoal a que se refire o artigo 28-B da presente ordenanza.
- b) Fumar dentro do vehículo.
- c) O desleixo no aseo persoal.
- d) O desleixo no aseo interior e exterior do vehículo.
- e) As discusións cos compañeiros de traballo.

II GRAVES

- a) Non prestar o servizo mínimo obrigatorio nas estacións terminais de autobuses e demais lugares a que se refire o artigo 25 da presente ordenanza.
- b) Negarse a mostrar o libro de reclamacións cando for requirido para isto.
- c) Negarse a prestar o servizo estando libre.
- d) Conducir co permiso municipal caducado.

- e) A desconsideración grave no trato cos usuarios do servizo ou cos compañeiros.
- f) Non respectar os horarios do servizo fixados ou calquera outra norma de organización ou control establecida.
- g) Buscar viaxeiros fóra das paradas ou dos puntos habilitados para o efecto.

III *MOI GRAVES*

- a) Producir un accidente e fuxir.
- b) O cobramento de tarifas superiores ou inferiores ás autorizadas.
- c) Conducir bébedo ou baixo o efecto de substancias tóxicas.
- d) Negarse a prestar auxilio a feridos ou accidentados.
- e) Conducir nos supostos de revogación temporal do permiso municipal de conducir.
- f) Abandonar o viaxeiro sen prestar o servizo para o que for requirido sen unha causa xustificada.
- g) A comisión de delitos cualificados polo Código Penal como dolosos co gallo ou co motivo do exercicio da profesión.
- h) Prestar servizo os días de descanso.
- i) Cometer catro faltas graves no período dun ano.
- j) Non entregar os obxectos a que se refire o artigo 30 do presente regulamento á autoridade nos prazos sinalados no devandito precepto.

Artigo 33.- As infraccións establecidas no artigo precedente serán obxecto das sancións seguintes:

- A) Para as faltas leves:
 1. A amoestación.
 2. A suspensión do permiso municipal de conducir ata quince días.

As infraccións comprendidas no apartado e) comportarán en todo caso a suspensión do permiso municipal de conducir ata quince días.

- B) Para as faltas graves:
 1. A suspensión do permiso municipal de conducir de 3 a 6 meses.

As infraccións comprendidas nos apartados c), d), e), f) e g) comportarán, en todo caso, a retirada definitiva do permiso municipal de conducir.

Artigo 34.- Serán faltas imputábeis aos titulares da licenza:

I *LEVES*

- a) Non esixir o mantemento do vehículo, en todo momento, nas debidas condicións de limpeza.
- b) Non levar a documentación a que se refire o artigo 28 A e C.
- c) As establecidas no apartado I do artigo 32, cando o titular da licenza sexa o condutor do vehículo.

II *GRAVES*

- a) Non levar o vehículo a placa de SP.
- b) A falla de placas interiores a que se refire o artigo 13.
- c) Poñer o coche en servizo sen estar nas condicións axeitadas para isto.

- d) Non respectar os horarios de servizo fixados ou calquera outra norma de organización ou de control establecida.
- e) Non comunicarlle á administración municipal os cambios do seu domicilio.
- f) Non comunicar as altas e baixas de condutores do vehículo.
- g) As establecidas no apartado II do artigo 32, cando o titular da licenza for condutor do vehículo.
- h) Colocar publicidade nos vehículos sen a autorización municipal.

III MOI GRAVES

- a) Deixar de prestar o servizo ao público durante trinta días consecutivos ou sesenta alternos durante o período dun ano, a non ser que se acrediten razóns que o xustificuen, que se alegaran por escrito perante o concello.
- b) Non ter a titularidade da licenza concertada ou en vigor a póliza de seguros.
- c) O arrendamento, o alugueiro ou a cesión das licenzas que supoña unha explotación non autorizada por esta ordenanza, e as transferencias de licenzas non autorizadas por ela.
- d) A contratación de persoal asalariado sen o necesario permiso municipal de conducir.
- e) Permitir a prestación do servizo do vehículo nos supostos de suspensión, revogación temporal, etc., da licenza ou do permiso municipal de condutor.
- f) As establecidas no apartado III do artigo 32 cando o titular da licenza sexa condutor do vehículo.
- g) Prestar servizo os días de descanso.

Artigo 35.- As infraccións establecidas no artigo precedente serán obxecto das seguintes sancións:

- A) Para as faltas leves:
 1. A amoestación.
 2. A suspensión da licenza municipal ata quince días.

A infracción comprendida no apartado a) comportará, en todo caso, a suspensión da licenza municipal ata quince días.

- B) Para as faltas graves:
 1. A suspensión da licenza municipal de tres a seis meses.

As infraccións comprendidas nos apartados b), c), d), f) e h) comportarán, en todo caso, a suspensión da licenza municipal de tres a seis meses.

- C) Para as faltas moi graves:
 1. A suspensión da licenza municipal ata un ano.
 2. A retirada definitiva da licenza municipal.

As infraccións comprendidas nos apartados a), b), c), d), e) e mais g) das tipificadas como moi graves do artigo anterior comportarán, en todo caso, a retirada definitiva da licenza municipal.

Artigo 36.- O procedemento sancionador, que poderá iniciarse de oficio ou a pedimento de particulares, centrais sindicais, agrupacións profesionais e asociacións de consumidores e usuarios, desenvolverase consonte cos preceptos da Lei 30/1992, do 26 de novembro e do Real

Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 37.- Todas as sancións, mesmo as de amoestación, serán anotadas nos expedientes persoais dos titulares da licenza e dos condutores.

Artigo 38.- Os titulares das licenzas e condutores poderán solicitar a cancelación da nota desfavorábel que figure no rexistro municipal correspondente, sempre que se observase unha boa conduta e cumprise a sanción, unha vez transcorrido dende a imposición desta un ano, de se tratar dunha falta leve, e dous anos, de se tratar dunha falta grave.

Artigo 39.- Así mesmo anotaranse nos expedientes dos titulares das licenzas e dos condutores aqueles feitos que se consideren dignos de premio.

As devanditas anotacións teranse en conta na resolución dos expedientes sancionadores que se instrúan, así como os pedimentos de carácter graciábel que solicitasen os afectados.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP.

R. 7.036

* * *